


O ALLO (SAN PEDRO)

Por Evaristo Domínguez e Xosé M^a Lema

SEGUNDA PARTE

8. A igrexa parroquial de San Pedro do Allo
9. A heráldica do Allo: os escudos das Torres e da igrexa
10. Outros elementos singulares do Allo: o cruceiro do adro, o cemiterio, a fonte de San Ramón, o Souto, os muíños. O Allo noutros documentos históricos
11. Persoeiros relacionados co Allo: Antonio de Rioboo, Víctor López Seoane, Pura Sánchez (nai do poeta Manuel Antonio)
12. *Ai do Allo, ai do Allo*: a copla popular que orixinou a glosa do Cura de Fruíme contra Antón de Rioboo
13. O polígono industrial Os Muíños do Allo.
14. Festas parroquiais
15. Inventario dos bens do patrimonio do Allo (*PXOM*)
16. Bibliografía básica



8. A IGREXA DE SAN PEDRO DO ALLO¹

Está situada fronte á fachada das Torres, a uns 200 m ó leste. A ela accédese por un camiño que sae da propia pista arborada de acceso ó pazo.

Trátase dun pequeno edificio de planta de salón formada por unha única nave rectangular (13 x 7 m.) e unha capela maior case cadrada (5 x 4,5 m.). Acaroadada ó primeiro tramo do muro norte da nave, construíuse a sancristía (6,5 x 5 m.).

- **1561:** inicianse as obras desta igrexa, destinada na práctica a capela particular da familia Rioboo. O señor do Allo era daquela D. Gómez de Rioboo Vilardefrancos o Vello, que no seu testamento deste ano destina 6 reais para as obras (moito non era!), e no de 1563 manda ser soterrado na igrexa de Lamas por estar aínda a do Allo en construción.
- **1578:** xa debía estar feita a capela maior, pois Gómez de Rioboo o Vello xa puido ser sepultado nunha das dúas tumbas do seu solo, na do escudo, que nos laterais tiña a inscrición co seu nome. Foi o primeiro Rioboo que recibiu sepultura nesta tumba; o derradeiro sería Gómez de Rioboo y Seixas, en 1722.
- **1598:** Gómez de Rioboo Vilardefrancos o Mozo destina no seu testamento 12 reais para as obras da igrexa. Por este testamento sabemos que o seu pai xa se enterrara na igrexa do Allo, e non na de Lamas, como estaba previsto.
- **1607:** o visitador J. del Hoyo di que a igrexa xa tiña pía bautismal, pero non o Santísimo Sacramento, nin crismeiros, pola súa pobreza. Só dispoñía dun cáliz de chumbo e un misal gardado na casa do fidalgo [Alonso Gómez de Rioboo]. Polo testemuño do visitador



Fachada e espadana de San Pedro do Allo (foto XMLS)

¹ Os datos deste apartado, tomados de Sánchez García (2001: 145-153) e Lema Suárez (1993-II: 321-357 e III: 516-525).

deducimos que a obra da igrexa xa estaba rematada.

Destes primeiros anos do séc. XVII debe ser tamén o escudo da bóveda do presbiterio, no muro norte.

A parroquia xa estaba unida a San Cremenzo de Pazos, pois a partir desta data os libros de fábrica son comúns ás dúas freguesías.

A portada renacentista da igrexa e o seu programa iconográfico

Polo tanto, a parte máis interesante da arquitectura deste pequeno templo que é a fachada, podemos situar a súa construción nos últimos anos do séc. XVI e nos primeiros do XVII.

Trátase dunha **fachada-retablo** xa plenamente renacentista, no que se aplica con bastante acerto receitas clasicistas de inspiración compostelá. Na sinxeleza do arco de triunfo da portada, Sánchez García (2001: 149) albisca unha influencia do deseño que fixera Rodrigo Gil de Hontañón para a fachada do Colexio de Fonseca de Santiago, de cincuenta anos atrás.

Este arco triunfal presenta un único corpo dividido en tres paneis, sendo o central -no que se abre a porta principal- máis ancho cós laterais, flanqueados estes por dous pares de columnas de fuste estriado sobre catro podios; columnas con capiteis moi esenciais que sosteñen tramos de entaboamento e un frontón triangular partido.



A fermosa portada-retablo renacentista da igrexa do Allo (fotos XMLS)



San Pedro maxestoso, sentado na súa “cátedra” e coas chaves na man (foto XMLS)

De maneira moi tímida aprécianse algúns detalles que anuncian o estilo barroco que se estaba introducindo: o frontón partido onde se sitúa a imaxe sedente do patrón, os pináculos dos extremos do entaboamento ou o feito de que o fuste das columnas se retorza na parte inferior.

A distribución das imaxes desta portada non foi produto do azar. Os artistas desta época seguían un plan establecido previamente, un **programa iconográfico** ben pensado, seguramente ideado por persoas con coñecementos teolóxicos.

Este programa tiña unha simboloxía moi clara que lles facilitaba ós cregos o ensino da doutrina ós fieis. Deste xeito, as esculturas espidas de **Adán** e **Eva** están colocadas a ambos lados da porta porque simbolizan toda a humanidade, pero tamén o pecado, a enfermidade e a morte, males dos que os crentes se verán liberados coa redención salvadora de

Cristo, anunciada polas dúas imaxes situadas na parte superior a cada lado: o **arcanxo Gabriel** e a **Virxe María**, a nova Eva; as dúas figuras están relacionadas, pois conforman a escena da **Anunciación**.

Preside a fachada a figura sedente de **san Pedro**, nun nicho rematado en vieira. É lóxico que estea neste lugar preferente, posto que el é o titular do templo, pero cómpre engadir que este apóstolo aparece en moitas ocasións flanqueando as portas das fachadas renacentistas facendo parella con **san Paulo**, pois eran considerados os piares básicos da Igrexa de Cristo. E no Allo o de Tarso non se atopa na porta principal, pero si sobre o lintel da outra porta, a travesa do lado sur: un busto en relevo que representa a un home vello, de longas barbas, cunha espada na man (o seu atributo persoal).



O relevo de san Paulo, sobre a porta travesa do sur (foto XMLS)

A presenza destes dous importantes apóstolos -patróns da Igrexa cristiá- gardando as entradas do templo indica o carácter apostólico da igrexa.

Nótese que san Pedro aparece aquí sentado **nunha cadeira**, unha representación pouco habitual. É que a festa patronal do Allo non é o 29 de xullo coma na maior parte das parroquias, senón o 22 de xaneiro, o día que a Igrexa celebra a “cátedra” de san Pedro.

Outras obras na igrexa

- **1644** e **ss:** colocación do escudo da parte superior da fachada. Como aparecen as armas dos Seixas e Losada, por forza tivo que ser despois do casamento de Antonio Gómez de Rioboo con María das Seixas. Posiblemente tamén se abrise por estes anos a ventá rectangular de debaixo do escudo, protexida por unha reixa de ferro.



- **1702:** o visitador pastoral ordena facer estribos exteriores fortes, de cantería, porque a bóveda que cubría a nave abría. Tamén se ordena lousar o chan e, como o templo non tiña campanario, tamén se dá orde de facelo.
- **1741:** a espadana apegada ó muro sur estaba xa construída, pero non así o enlousamento da metade do corpo da nave, que seguía sendo de terra. visitador deste ano atopa a capela maior e a nave abovedadas. A bóveda de canón do presbiterio aínda subsiste hoxe, pero non así a da nave, que se baixaría en 1943.
- **Finais séc. XVIII-principios do XIX:** retablo maior, de estilo neoclásico, de autor anónimo.
- **1892-1898:** tribuna de castaño, asegurada por catro pés dereitos de pedra acaroados ás paredes.
- **1943:** o párroco advirte do perigo de derrubamento da bóveda da nave, formada por pezas de cantería co seu punto de apoio en cinco arcos que descansaban sobre ménsulas encaixadas nas paredes. Nun escrito ó arcebispo o crego di que pola súa pobreza extrema os fregueses non podían pagar as obras.

- **1944:** o arcebispo de Santiago [Tomás Muñiz de Pablos] non ten consideración cos fregueses do Allo (colonos case todos) e ordénalle ó párroco que acometan as obras de reparación da bóveda, á que estaban obrigados “pues son los que son directamente perjudicados” (!). Como o presuposto de tal reconstrución se consideraba moi elevado (19.620 pesetas), cura e parroquianos decidiron substituíla por un teito de madeira, pois este custaba 8.932 pesetas, ó que había que sumar as 4.000 ptas que xa custaba baixar a cantería da bóveda; en total, 12.930 ptas.
- **1945-49:** lévanse a cabo as obras de teitar o templo; os veciños -simples arrendatarios nun réxime aínda semiforal- comprométense a poñer 8.000 ptas, e o Arcebispo 4.000.
- **1985:** o párroco Fidel Fernández Bello pretendeu tornar á estrutura primitiva da igrexa e tratou de que a igrexa volveuse ter unha bóveda de pedra. Os técnicos da Consellería de Cultura rexeitaron o proxecto polos seus elevados custos, e aceptouse outro no que houbo que recorrer unha vez máis á cubrición de madeira.
- **1989:** reconstrución e adecentamento do templo do Allo, mediante un convenio da Consellería de Cultura coa Igrexa católica. Botóuselle un teito novo, de madeira, coas traves á vista, tirantes e cimbras como adorno. As obras ascenderon a 4 millóns de pesetas.

9. A HERÁLDICA DO ALLO: ESCUDOS DAS TORRES E DA IGREXA

Os dous escudos máis antigos son o da Torre Vella e o do chan do presbiterio da igrexa parroquial. Datan do derradeiro terzo do séc. XVI, e foron mandados facer por D. Gómez de Rioboo o Vello, o primeiro construtor do Allo.



Escudo da torre vella ou norte (foto XMLS)


O escudo da Torre Vella seguramente data do ano 1512, cando se rematou esta obra. Explicao o historiador Antonio de Rioboo en 1739:

“... sus Armas y Blasones que son un escudo redondo quartelado, el de Rioboo, un castillo de una puerta, del que nace una zarza que sale por una ventana a dar en las almenas, a la zarza que llaman en Galicia silba; el de Villar de Francos, un medio brazo con manopla y una bandera y en el medio un cáliz, con ostia, que son las Armas Antiguas de este Reino [de Galicia], los dos blasones en los cuarteles de mano derecha; a la izquierda los de la línea materna por dicha Urracha (sic: é Berenguela) Sánchez de Moscoso, que son por este apellido una cabeza de lobo ensangrentada, y cinco ojos de yguera por el de Figueroa que usan estas dos casas y hasi se ven en el escudo de dicha torre del Allo

y en la sepultura de la parroquia de dicha Iglesia” (Sánchez García 2001: 83):

En resumo: nos dous cuarteis da dereita, os brasóns da familia paterna (arriba, o estandarte sostido por brazo con manopla, dos Pardiñas-Vilardefrancos; abaixo, a torre envolta por unha silva dos Rioboo, en alusión á parroquia de Silvarredonda, onde se atopa a Torre da Penela, o seu soar de orixe); nos dous cuarteis da esquerda, os brasóns da familia materna: Figueiroa arriba e Moscoso abaixo.

O **escudo da tumba do chan do presbiterio da igrexa do Allo**, que datamos arredor de 1578 (cando se enterra nela a D. Gómez de Rioboo o Vello), presenta os mesmos motivos heráldicos da Torre Vella, pero cambiados de sitio: os brasóns paternos van agora nos cuarteis primeiro (o estandarte dos Vilardefrancos) e cuarto (a torre coa silva, dos Rioboo); os maternos no cuartel segundo (a cabeza de lobo dos Moscoso) e terceiro (as cinco follas de figueira dos Figueiroa). Nos laterais da campá tiña a inscrición “SEPULTURA DE GOMEZ DE RIOBOO VILLARDEFrancos”, da que só se aprecia hoxe “SEPULTURA” e “RIOBOO” (Sánchez 2001: 148 e 217). A outra tumba do presbiterio non ten labra heráldica.




Escudo da tumba do presbiterio
(debuxo de XMLS, 1973)



Escudo da bóveda da capela maior da igrexa
(foto XMLS)

O terceiro escudo por orde cronolóxica é quizais o situado na **bóveda do presbiterio** da mesma igrexa, no seu muro norte. Aínda que con moitas dúbidas, Sánchez García (2001: 167, nota 224, e 240) supón que está sinalando a tumba de Leonor Varela, primeira esposa de Gómez de Rioboo e Mozo, falecida en 1598 ou 1599. Nos motivos dos cuarteis o único que está claro é que corresponden a armas alleas ós Rioboo: no primeiro, os escaques ou xadrezado (dos Bermúdez da Penela?); no segundo, dous animais pasantes (dos Becerra?); no terceiro, as cinco follas de figueira dos Figueiroa; no cuarto, cinco varas en diagonal (dos Varela?). Este brasón sería, polo tanto, como moito dos primeiros anos do séc. XVII.

O cuarto escudo por orde cronolóxica é o da parte superior da **fachada da igrexa**. Seguramente foi colocado alí uns anos despois do casamento de Antonio Gómez de Rioboo con María das Seixas y Losada, que tivo lugar en 1644. Os cuarteis da parte esquerda corresponden á familia paterna: os Rioboo (arriba) e os Vilardefrancos (abaixo); os da parte dereita, á materna: as cinco pegas dos Seixas (arriba) e os dous lagartos baixo unha lousa dos Losada.



Escudo da fachada da igrexa (debuxo de XMLS, 1973)



Escudo da torre nova (sur) [foto XMLS]

O quinto escudo é o da **Torre Nova**. Foi colocado nela cando se rematou de construír esta torre, con posterioridade ó casamento de Gómez de Rioboo y Seixas con Jacinta de Lucas Caamaño, acontecido en 1669. Este torre seica se construíu antes que o corpo central, polo tanto, o escudo esculpíriase nunha data achegada a 1680. No 1º cuartil, as cinco pegas dos Seixas (pola nai de D. Gómez de Rioboo); no 2º, unha vieira e unha estrela (alusión a D. Francisco das Seixas, tío de D. Gómez e arcebispo de Santiago); no 3º, un piñeiro e dez lanzas, brasón dos Caamaño (familia da D^a Jacinta de Lucas), e, no 4º, os dous lagartos baixo unha lousa, dos Lousada (familia da nai outra vez).

O sexto escudo é o situado na **clave do arco escarzano da porta da esquerda do corpo central** das Torres. Consta dun único motivo encerrado nun óvalo: un piñeiro con cinco lanzas, motivo heráldico tanto dos Caamaño coma dos Leis (quizais neste caso dos últimos). Como se supón que o corpo central se construíu despois da torre nova, o escudo posiblemente date de entre 1680 e 1685.



Escudo da casa de Xerne (debuxo de XMLS, 1973)

Fóra das posesións directas dos Rioboo, quédanos o **escudo da Casa de Xerne**, aldea que pertenceu á parroquia de Lamas (incorporada ó Allo tardiamente.).

Ocupa toda a parte superior o brasón dos Caamaño (un piñeiro e dez lanzas, cinco a cada lado). Na parte inferior, á esquerda, a torre coa silva dos Rioboo, e, á dereita, as seis aspas dos Romero. Por enriba, quizais o brazo con manopla dos Vilardefrancos.

Segundo Carlos Martínez-Barbeito (1986: 711), Martín de Samoedo, fidalgo casado con María Afonso da Costa Romero de Leis, mandou construír esta casa na segunda metade do séc. XVI. Testou en 1573 e sería enterrado na igrexa de Lamas.

Xa en tempos achegados a nós, a propiedade da casa de Xerne pasaría ós Varela de Daneiro. Contra os anos setenta do séc. XX, Manuel Varela Uña vendeulle a casa ós caseiros, pero non o escudo, que levou para o pazo de Daneiro, onde se conserva.

10. OUTROS ELEMENTOS SINGULARES DO ALLO

Ademais das Torres e da igrexa parroquial, que xa constitúen un conxunto monumental único, na parroquia do Allo existen outros elementos de carácter artístico, etnográfico e mesmo natural que cómpre poñer en valor.

Entre as Torres e a igrexa, ó norte, atópase o **SOUTO DO ALLO**, un bosque de castiñeiros do que xa se fala -como xa vimos- no ano 1669. Quedan poucos soutos na nosa comarca, e este é quizais o mellor conservado.



Figuras do reverso do cruceiro: arriba, a Pastora; abaixo, san Ramón [foto XMLS]

Dentro deste bosque atópase a chamada **FONTE DE SAN RAMÓN**, feita de cantería e con dous canos, de sinxela traza da época barroca. Foi mandada facer contra 1669 por Gómez de Rioboo y Seixas. Nos últimos anos foi reconstruída polo párroco Fidel Fernández e engadíuselle unha imaxe de pedra que representa a san Ramón.

Na zona sur da igrexa parroquial, nun campo recuperado para adro parroquial, atópase un monumental cruceiro de granito -cinco toneladas de peso- que podemos denominar o **CRUCEIRO NOVO DO ADRO** (hai outro sen figuras no valado do adro). Trátase do cruceiro máis moderno da Terra de Soneira e de toda a Costa da Morte, pois foi inaugurado no ano 2013.

Presenta unha plataforma de tres chanzos, un pedestal cúbico e un alto varal, con dous capiteis.

No primeiro capitel, catro figuras: san Pedro sentado na súa cátedra, santo Antonio, a Virxe do Carme e san Ramón.

No segundo, o máis alto, no anverso, unha Trindade (Deus Pai, Cristo crucificado e, ó seus pés, a pomba do Espírito Santo); no reverso, a Divina Pastora, devoción da parroquia. Un total de oito figuras (sen contar os tres pequenos nenos Xesús nos brazos das dúas Virxes e de santo Antonio).

A iconografía da Trindade tampouco é frecuente nos cruceiros galegos: os lugares máis próximos onde se rexistra é nos cruceiros dos Santos (Bamiro), do séc. XVI, e do do pazo de Amarelle (Ponteceso), do séc. XVIII, pero nos dous casos a pomba do Espírito Santo está sobre a cabeza do Padre Eterno.



O monumental cruceiro do adro (2013)
[foto XMLS]

O deseño e a iconografía foi idea do párroco Fidel Fernández Bello; o escultor cabanés Anxo Cousillas, residente en Laxe, foi o artista que levou a cabo a obra.



Entrada do novo cemiterio do Allo (foto XMLS)

Fronte a este cruceiro, pola parte leste, atopamos o **NOVO CEMITERIO PARROQUIAL**, inaugurado en 2006. Neste caso tamén a idea partiu do párroco Fidel Fernández Bello, e o encargado de levala á práctica foi o arquitecto baiés Francisco Mato.

De primeiras, é de loar o bo coidado que se tivo de afastar esta nova obra dos monumentos históricos da igrexa e das Torres, integrándoa na paisaxe e mesmo disimulándoa nunha pequena depresión do terreo. Presenta unha idea innovadora que o fai case única na zona, pois, xunto co de Dumbría, é o único cuberto de madeira e tella do país de toda a Costa da Morte. Todos os panteóns, postos en dúas filas a un lado e a outro dun paseo central, na súa totalidade baixo cubertas de tella do país. Cada



Lateral norte do cemiterio novo do Allo (foto EDR)

fileira de panteóns está protexido por unha lousa plana de granito e as letras co nome do defunto son todas de metal e do mesmo estilo.

Finalmente, uns **MUÍÑOS DE AUGA** no curso do río do Porto que foron propiedade dos Rioboo. De tres deles, situados preto da **ponte Castiñeira** ó sur da Cebola de Abaixo, só quedan as ruínas. Datan da segunda metade do séc. XVII. Un deles mandaríao construír Gómez de Rioboo y Seixas, e dise nun preito de 1732 que un dos outros dous llo mercara este mesmo señor a Antonio Gómez de Andrade e



Ruínas dun dos muíños do séc. XVII da ponte Castiñeira da Cebola
(foto XMLS)


o outro xa llo mercara seu pai [Antonio Gómez de Rioboo] a un tal Gutiérrez (este, polo tanto, sería anterior a 1644). Convidamos a dar unha volta á Cebola de Abaixo e á ponte Castiñeira, onde o río presenta unha fermosa paisaxe; dos muíños só quedan unhas paredes en pé, pois hai anos que foron abandonados. A pontella conserva os tres machóns de cachotería, pero non o seu piso e peitorís laterais, que son de cemento (mágoa que non se restaurase como era debido!).

Os máis antigos son os chamados **Muíños do Allo**, situados preto do Regueiro do Allo, no extremo occidental da parroquia. Como xa vimos, hai unha referencia documental da súa existencia do ano 1644, na que se fala tamén de que se atopan preto dun marco que delimitaba nese regueiro ('riego') a división entre as freguesías do Allo e de Baio.

Este conxunto etnográfico, consistente nunha casa vivenda coas súas construcións adxectivas (cabanotes, dous cabazos de pedra...), dous muíños coa súa represa, un pozo, é hoxe propiedade particular. O seu dono fixo unha restauración exemplar.

O primeiro que nos chama a atención é a represa que se construíu no leito do río, no medio do meandro que cambia o sentido da corrente cara ó sur, pois é unha verdadeira muralla, case ciclópea; é de supoñer que a obra orixinal fose de mediados do séc. XVII, aínda que, como é lóxico, tería as súas reformas. Esta presa desvía a auga cara ós muíños, repartidos en dous

edificios. Un deles, o máis pequeno, que xa estaba abandonado en 1994, temos noticia de que noutros tempos se lle acoplara unha pequena turbina que xeraba enerxía eléctrica ás casas do Allo.



O muíño principal aínda estaban en funcionamento a finais dos anos noventa do pasado século, en vida do seu último muiñeiro, Marcial, e constituían un exemplo singular de industria muiñeira, pola súa condición de muiños de baruto, dos poucos que existían deste tipo. O edificio principal tiña tres muiños, un para moer o millo e dous para o trigo. Só funcionaban un do millo e outro do trigo, os dous de baruto, por iso tamén se lles chamaba así: **os muiños do**

baruto do Allo, porque debaixo do teito do edificio tiñan unha longa caixa prismática de madeira cun tambor xiratorio de tea; coma unha centrifugadora, o baruto (peneira) ía separando e depositando nunha moegas de tea os tres tipos de fariña: a branca, a fariña para pan mesto e o farelo. Un curioso sistema de poleas transmitía a forza da auga desde o rodicio para poñer en funcionamento todo o mecanismo, tanto a cinta que conducía a fariña desde a caixa do muíño deica o mesmo baruto coma o de todo o proceso de barutar.



O múño do baruto do Allo, en funcionamento (ano 1994)

11. O ALLO NOUTROS DOCUMENTOS HISTÓRICOS

Ano 1607.- A descrición do visitador Jerónimo del Hoyo

“S. PEDRO DE DO ALLO.- Esta fr^a. tiene solos tres feligreses. Ay pila baptismal y no Sancti Simo SaCramento, ni crismeras por su pobreza. Los frutos se hacen dos partes: la una lleva la cura y la otra por sincura este hidalgo gomez de Riovoo. Vale la parte del retor ocho cargas de pan. Presentación de los herederos de Suero gomez. La fábrica no tiene renta y así solamente tienen un hornamento de lienço y un cáliz de plomo y un misal en casa deste hidalgo.”

Ano 1753: Interrogatorio do Catastro de Ensenada

Os peritos que deron resposta ó Interrogatorio do Catastro foron D. Pedro Antonio Suárez, xuíz do couto do Allo, Francisco Suárez e Domingo de Lema.

A situación administrativa da parroquia era, por esas datas, a seguinte:

“(…) Cinco expresadas son acumulatiuas de la Jurisdicción real de Soneira Cuio Juez conoze en ellas a preuencion de todas causas Civiles y Criminales, aunque como todas las más acumulatiuas Contribuyen con los Derechos reales ala Jurisdiccion de Bimianzo como principal caueza como igualmente lo haze la fr^a y Coto de san Pedro del Allo que es del Señorío de Dⁿ Fran.^{co} Rioboo Suarez de Deza vezino de la Villa de Cauanas y posee la Regalia de poner Justicia en ella aunque tambien es acumulatiua a la de Bimianzo, y en ella su Justicia conoze a preuencion de todas las causas Civiles y Criminales según es público y notorio.”

Os lindes da parroquia coincidían cos actuais:

“La de **san Pedro del Allo** ocupa de L.[levante ou leste] a P. [poñente ou oeste] medio cuarto de legua y de N. a S. un cuarto y su circunferencia tres cuartos de legua y ora y media de Jornada Limita por el L, con san Esteban de Anos, P. con san Juan de Borneiro N. con san Esteban de Cesullas S. santa Maria de Baio.”

Os principais cultivos e animais que se criaban eran:

“(…) y en ellas por lo regular hai las Especies de sembradura de maiz, trigo, centeno, Lino, nauos, Robles, Toxales, montes que se estiuadan y otros incultos por naturaleza (…)

(…) que en las referidas diez poblaciones las especies de frutos que se Cogen regularmente en ellas son maiz, Trigo, Centeno, Nauos, Lino y algunas berzas o Coles que se Coxen sin que de ellas se haga comercio alguno.

(…) digeron que las Especies de Ganados que hai en dhas. Poblaciones y sus terminos son como se lleua dho. Bueis, Bacas, ôuejas carneros y cabras, algunas hiegoas, pôtros … “

En canto ós rendementos agrícolas e forestais os cálculos que facían eran os seguintes:

“(…) , san Pedro del Allo (…) la medida de un ferrado de tierra siendo de primera Calidad secano por no auerla de regadio (…), sembrada de mixo, maiz regularmente y quantía hordinaria calcula produce cinco ferrados de la misma especie y al Año siguiente se buelve a sembrar de trigo, y produce unos años con razon quatro ferrados: y cojido este se siembra el mismo año de alcacen para el gasto de los Ganados (…): y el año siguiente se siembra del Lino y produce de esta especie Cinco hazes o Lagueiros en verde y de estos se sacan

quatro Afusales, y de Linaza, la que regularmente se siembra; y alzado este fruto se buelve a sembrar de nauos (...), con la advertencia de que dichos produtos los da el ferrado tierra de primera Calidad en el espacio de tres años.

Si el ferrado de tierra esta plantado de Robles digeron todos los peritos (...) que se cortan de doze en doze años y cada ferrado da seis carros de leña.”

En canto ás múltiples cargas e impostos que tiñan que pagar temos os seguintes:

“(…) digeron que los derechos que se hallaban puestos sobre (...) la frâ.[freguesía] de Allo (...): En la fr^a de san Pedro del Allo perciben los diezmos el cura parrocho y el Conde de Mazeda de esta forma el cura parrocho percibe enteramente los de todos los lugares de la fra. a excepcion del lugar de Moriño que de este solo percibe la mitad y la otra mitad restante le percibe el Conde y la oblata el cura parrocho.

En la fra. del Allo ascenderán los diezmos a mil y ocho cientos reales vellón y la oblata a setenta y dos R^s y el Voto ochenta reales según lo traxo en arriendo Juan Riveiro.

La Feligresia de san Pedro del Allo contribuye a su Magestad por el servicio hordinario y extrahordinario con diez y ocho reales y por los mas ramos con trescientos quarenta y ôcho reales.”

Contaba con catro muíños de pedra negra (para o millo, a diferencia dos do trigo que eran os chamados “albeiros”)

“En la fr^a de san Pedro del Allo hai quatro ruedas de molino ruedas negras el uno llamada do avajo sobre el rio puente Castiñeira en el que muele por Canle todo el año de Dⁿ Fran^{co} Rioboo vezino de la villa de Cavanás. Otro de dos ruedas negras sobre el rio Castiñeiras con el que muele por Canle todo el año Dⁿ Fran^{co} Rioboo vezino de la villa de Cavanás y el otro llamado de Grela sobre el rio Esmoris con el que muele seis meses al año de Dⁿ Manuel Vermudez vezino de la Ciudad de la Coruña.”

A parroquia contaba daquela con 29 veciños, un deles pobre. Tamén había unha taberna, que tiña en arrendo Froilán Beizana, moi ben relacionado cos señores das Torres, pois consta -como va vimos- que en 1762 será o seu primeiro gardián, unha vez que os Rioboo pasaron a residir no pazo de Cabanas Había 29 veciños e todos debían ser colonos ó servizo do couto, labregos de oficio. Un veciño constaba como pobre e outros tres tiñan tamén outros oficios: Andrés Martínez (“estanquillero”), Pedro Trillo (tecedor) e Juan Riveiro (arrendatario do voto).

A información do *Diccionario* de Pascual Madoz (contra 1847)

“**ALLO (SAN PEDRO DE)**: felig. en la prov. de la Coruña (9 leg) , dióc. de Santiago (8), ayunt. de Zas, y part. jud. de Corcubion (6) : SIT. en el alto de una montaña, dominada por todos los vientos: su CLIMA frio, pero sano comprende los lugares de Allo, Casanova, Cebolla, Muriño, Pombal, Regalados y Torres: la igl. parr. (San Pedro) es mediana, y el curato de provisión ordinaria: el cementerio capaz y bien ventilado: el TÉRM. confina con las felig. de Pazos, Borneiro y Bayo; abunda de escelentes aguas: el TERRENO es feráz y productivo: los CAMINOS malos: el CORREO lo recibe de la cap. del ayunt.: PROD.: trigo, centeno, maiz, patatas, legumbres, hortalizas y algunos frutales: cria ganado vacuno, lanar, mular y de cerda; hay alguna caza, y su IND. consiste en la agrícola: POBL.: 38vec., 188 alm.: CONTR. con su ayunt.”

Os datos de E. Carré Aldao (contra 1928)

“**San Pedro de Allo**, filial de Pazos, y fue anteriormente parroquia propia. Está sita en lo alto de una montaña, teniendo al S la Tierra de Soneira. Sus aguas van al Anllóns, y cruza por ella la carretera a Fisterra. Tiene escuela nacional de niños. Hay en ella las históricas torres de su nombre. Solo cuenta con la aldea de Xerne, y los demás

son los grupos menores de Allo, Casanova, Cebola, Muriño, Pombal, Regalados y Xerne, con un total de 49 edificios y 230 habitantes de hecho y 236 de derecho.”

12. PERSOEIROS RELACIONADOS CO ALLO

Antonio de Rioboo e Seixas, un dos primeiros historiadores de Galicia²

Antonio de Rioboo y Seixas Villarde francos foi o terceiro fillo de D. Gómez de Rioboo y Seixas e de Jacinta de Lucas Caamaño, naceu en 1685 en Santiago, pero consta que foi criado nas Torres do Allo ó coidado da súa tía María Rosa de Lucas.

Foi destinado á carreira eclesiástica. Estudou na Universidade de Santiago, no Colexio de San Xerome, e licenciárase en Dereito.

En 1728, xa con 43 anos e cando era simple presbítero (e “Predicador con licencia general y perpetua de este Arzobispado”), publica en Santiago, grazas ó mecenado de Frei García de Pardiñas, bispo de Tarazona e parente seu, a súa obra máis coñecida: *La Barca más prodigiosa. Poema historial sagrado de la antigüedad, invención y milagros de el célebre Santuario de N. S. de la Barca, colocado en los confines del Puerto de Mugia en el Reyno de Galicia.*

Trátase dun poema sagrado, escrito en 318 oitavas reais, repartidas en tres declaracións, ás que segue un tratado histórico titulado "Anclas de la barca más prodigiosa" nas que explica as razóns históricas nas que se apoia a tradición da aparición da Virxe ó Apóstolo en Muxía. Mesmo chega a reivindicar a primacía da visita da Virxe a Santiago en Muxía fronte ó Pilar de Zaragoza.

Por esta época o seu prestixio debía ser moi alto, a xulgar polos testemuños en verso e en prosa que destacadas figuras dedican ó autor. Entre os poemas destaca o “Romance endecasílabo”, altamente laudatorio, que lle dedica Diego Cernadas, o xa daquela famoso cura de Fruíme (tiña 25 anos), a quen o do Allo lle pedira consellos de tipo gramatical e poético.

Antonio de Rioboo residiu en Santiago,



Portada de *La Barca máis prodigiosa* (1728), a obra máis coñecida do historiador Antonio de Rioboo y Seixas

² Datos tomados, na súa maior parte, de Cabano Vázquez (1995).

aínda que non haberían de faltar as súas visitas ó pazo do Allo onde fora criado. Foi un escritor moi prolífico: o historiador que máis noticias reuniu sobre Galicia, pioneiro da nova historia crítica que se fai no séc. XVIII. Naturalmente, como acontecía coa maior parte dos historiadores españois da época, o seu rigor histórico era moi escaso, marcado polos falsos cronicóns e polo feito de dar por boas as informacións procedentes da historia sagrada.

Por esta sona, en 1738 a Real Academia de la Historia, que se fundara en Madrid aquel ano, acollerao como membro honorario. Tiña xa 53 anos. Incorporarase dez anos despois, en 1748, cunha exposición de ingreso na que fará mención do famoso poema e na que recoñece que se deixara influír polos falsos cronicóns e fontes inexactas.

Tamén editou en vida a obra *Analysis Historia cronológica de la primitiva erección, progresos y diversas reedificaciones de la Santa Iglesia de Santiago* (Santiago, 1^a ed.1742; 2^a 1747).

A maior parte da súa produción histórica foi parar á Real Academia de la Historia e non se publicou. Entre outras, son salientables estas obras:

- *Descripción geográfica y topográfica del Reino de Galicia* (de 84 folios).
- *Cathálogo de los Barones Ilustres del Reyno de Galicia que en todos los tiempos hasta el presente siguieron la milicia* (40 folios).
- *Catálogo y serie de todos los Prelados que gobernaron las santas iglesias Cathedrales de Galicia (...), desde sus fundaciones hasta el tiempo presente deducido de la Historia de Galicia Ilustrada* (101 folios); neste catálogo intercala o de escritores galegos, entre os que inclúe Cervantes.
- *Disertación apologética de la verdadera Historia de España y suposición de los fingidos Chronicones y viciados instrumentos (...)*; este traballo, datado en Pontedeume en 1734, deixoullo ó Cabido de Mondoñedo.
- *Descripción topográfica y corográfica antigua del Reino de Galicia desde su primera población en el Reino de los suevos* (18 folios);
- *Historia de Galicia ilustrada* (que trataba tamén da predicación do Apóstolo, da monarquía sueva e da reconquista ata o reinado de Alfonso II o Casto, no séc. IX, cando do descubrimento en Compostela do sepulcro do Apóstolo);
- *Tabla cronológica de los emperadores romanos, reyes suevos y de León y Castilla que dominaron en Galicia*.

Do ano 1739 data a súa *Relación Genealógica del origen de los Apellidos de Rioboo, Villardefrancos y Seixas y Losada y otros varios que se corresponden a las Casas del Allo y Cabañas*. Mantívose inédita no Arquivo Familiar dos Rioboo e foille de gran utilidade a Jesús Á. Sánchez (2001) para a súa investigación sobre as Torres do Allo.

Foi, ademais, o primeiro autor que levou a cabo una bibliografía de escritores de Galicia, na que inclúe 230 autores. Constitúe o punto de partida para os posteriores dicionarios de autores.

Segundo o seu testamento de 1753 engadiu ó morgado do Allo as súas lexítimas paterna e materna, deixando ó seu sobriño Francisco Antonio Rioboo varias das súas obras en prosa e en

verso, conservadas no pazo de Cabanas, e outro legado de manuscritos para a Real Academia de la Historia.

Entre 1750 e 1752 mantivo unha tensa polémica co cura de Fruíme, da que falaremos a continuación. Quen o ía dicir, despois das loas que este lle dedicara á súa obra de 1728!. A liorta empezou por un rezo ó apóstolo Santiago e acabou derivando nunha disputa sobre a condición de galego, menosprezada polo Rioboo que, aínda que seica escribira pezas en galego de temática profana (non conservadas), abandonou decontado o uso do idioma propio de Galicia por consideralo “rudo” e pasou a versificar só en castelán e a cultivar “empresas soberanas” (Pardo de Neyra 2002: 116).

Con todo e iso, poucos escritores da época se preocuparon tanto polos feitos históricos e polos personaxes de Galicia coma Antonio de Rioboo y Seixas, que falecería en Santiago o 14-XI-1763.

Ai do Allo, ai do Allo!, a copla popular que orixinou a glosa do Cura de Fruíme contra Antón de Rioboo³

Diego Antonio Cernadas y Castro (1702-1777), o famoso **Cura de Fruíme** (Lousame), pasou á historia coma o mellor poeta galego do séc. XVIII, un dos principais precursores do galeguismo contemporáneo. Foi dos poucos que, nos chamados Séculos Escuros da lingua galega (do séc. XVI ó XVIII), se atreveu a escribir poesías no idioma propio de Galicia, daquela totalmente menosprezado.


A mediados do séc. XVIII Cernadas tivo unha aceda polémica co tamén sacerdote e historiador Antonio de Rioboo y Seixas, daquela un dos escritores galegos de maior prestixio. Os dous coñecéranse en 1727 e foran amigos, pois o do Allo mesmo lle pedira consello ó de Fruíme cando estaba escribindo *La Barca más prodigiosa*, obra á que este lle dedicaría unhas hiperbólicas loas publicadas na introdución da edición de 1728.

Cal foi a orixe da polémica que acabou enfrontando os dous sacerdotes e escritores cunha extrema violencia verbal? Todo parece indicar que fora unha discusión de carácter litúrxico, ocasionada polo texto e a autoría dunha oración ó apóstolo Santiago, o chamado *rezo del Clavijo*, xurdida no seo do Cabido da catedral de Santiago. Unha liorta entre cregos elitistas, celosos uns dos outros.

A lea resúmea un dos mellores estudosos da obra do cura de Fruíme, Xulio Pardo de Neyra (2002: 257-277). Trataremos de seguilo, tamén coa axuda das *Obras Completas*, tomo IV, do propio Cernadas y Castro (1778).

³ Agradecemos a Ramón Mariño Paz, catedrático de Filoloxía Galega (USC) a súa axuda neste apartado.

- **1749:** o pontevedrés Andrés Gondar, chantre da catedral de Santiago, subvenciona e solicita do Vaticano a concesión dun rezo alusivo á batalla de Clavijo, co que se pretendía que a sede compostelá contase cunha oración propia que reivindicase o carácter guerreiro do Apóstolo.
 - Elabórase o texto deste rezo, no que participan, entre outros, os cóengos Gregorio e Manuel Posse, Andrés Gondar e o párroco rural Cernadas.
 - Revisan o rezo outros cóengos, entre eles Bartolomé de Raxoi, daquela cóengo doutoral.
- **1750:** o Cabido catedralicio aproba o rezo (26-02) e remíteo a Roma; o Vaticano dá o visto e praxe o 6-08. Festas en Compostela neste mes de agosto con motivo desta aprobación. En setembro, Cernadas escribe un poema por mor desta celebración, que lle envía ó seu - daquela- amigo Antonio de Rioboo o 30-12.
 - Cernadas escribe unha obra de momento non asinada, *La prosa del estudiante, y la musa del platero*, que contiña un poema en castelán no que dispensaba grandes eloxios para o chantre Gondar. Neste texto xa se deixaba ver a oposición que tivera Gondar dentro do propio Cabido para a institucionalización da oración. Os promotores destas críticas internas, xa desde setembro de 1750, seica foran os cóengos Antonio de Rioboo e Miguel A. de Montes, este cóengo lectoral.
- **1751:** en xaneiro, Rioboo escribelle unha carta a Cernadas na que criticaba o uso de voces vulgares no texto do *rezo*, así como as supostas faltas gramaticais dos autores e na que se rebaixaba o protagonismo do chantre Gondar, tanto na súa elaboración coma no logro da súa institucionalización. O do Allo quería que o de Fruíme retocase aquel seu poema da celebración do rezo eliminando “los enormes elogios del Chantre” e as oitavas “que tocan á hacer al Chantre autor de todo”.
- Cernadas responde dando á imprenta unha parodia, *La tertulia en Santa Marta. Mosqueo de charlatanes*, que asinou co pseudónimo Andrés Tacón, a quen identificou coma un censor. Compañeiros de palabra do Tacón aparecen “el bendito Malvar, un aragán sempiterno”, e D. Jayme Ferrer, fidalgo valenciano que estaba en Santiago por aquel ano santo. Os tres tratan de ridiculizar irónicamente *La prosa del estudiante*, “un papelito que ha poco salió”, do propio Cernadas. En boca do tal Malvar axiña aparece unha alusión directa a Rioboo e unha crítica ó mundo dos cóengos composteláns.
- **1752:** a disputa envelénase cada vez máis coa publicación (31-01) dunha especie de manifesto titulado *Mogiganga de Mogigangas. Papelón de Papelones. Cuento de Cuentos, Mosqueo del Mosqueo de Santa Marta, Relación de Dimes y Diretes de D. Diego Antonio Zernadas de Castro y Ulloa*. Este texto era de Antonio de Rioboo, pero apareceu baixo o pseudónimo de “Un



Diego Cernadas y Castro, cura de Fruíme (Galipedia)

Caballero Eclesiástico”. A vaidade clasista do do Allo queda clara ó facer valer a súa condición de “cabaleiro” (= fidalgo), e marcar así distancias cos que non tiñan “nobreza de sangue”, como era o caso do de Fruíme.

- Nesta *Mogiganga* Rioboo ataca con saña a Cernadas considerándoo “poeta palurdo, / que con estilo zafio, bronco y burdo / se pasa mas allá de lo grosero”, e tamén o considera “predicador de aldea (...) por Fruíme graduado!” E, non contento con todo isto acaba desprezándoo por ser “un Cura con resabios de Gallego”.

- Cernadas non queda calado e o 23-02 manda ó prelo un papel titulado *Trinca tridente. Tacon, Malvar y D. Jayme*, unha parodia sarcástica onde pon a pan pedir principalmente ó cóengo compostelán, no que centra o seu desprezo:

“D. Antonio Rioboo y Seixas, por la gracia de Dios, y de la Sede Arzobispal Compostelana, Sacerdote Simple, ó Clérigo Mercenario de esta Diócesis: y por la desgracia de la Real Academia de la Historia, su Académico Onerario. Y adviértase, que no se escribe así por yerro de pluma, ó de ortografía, sino por no mentir, ni en una letra.” (Cernadas 1778-IV: 160)

- Nesta primeira páxina xa anuncia, co de “onerario”⁴, que o escribe a mantenta e non “por yerro de pluma”. A *Mogiganga* do Rioboo foi considerada “un escarnio que hace al pobre Clérigo de Fruíme” (IV, p. 181), e dá pé a que Cernadas poña en solfa os títulos (“gallardetes y flámulas”) cos que se adornaba o do Allo na portada da súa obra máis coñecida (a xa citada *La Barca más prodigiosa*). Acúsao de “título-manía”, e mesmo de se dar “una pabonada con el parentesco que tenía con el Ilmo. Señor Obispo de Tarazona⁵”; tilda os seus escritos de “fútiles obrillas (ó poesías mal hechas y toscas)” e pon en dúbida a veracidade dos seus estudos: “que el buen Señor Rioboo no está graduado en Facultad alguna por la Universidad, sino de Bachiller, ó por decirlo mas culto de Bacalauro (sic)” (IV, p. 186).

“Un cura con resabios de Gallego”

Foron moitas as páxinas que na súa *Trinca tridente* dedicou Diego Cernadas a responder á *Mogiganga* do seu opoñente, pero a frase que motivou como resposta a súa famosa glosa de *Meu Antón, no que parolas* foi sen dúbida a de “un Cura con resabios de Gallego”, coa que o vaidoso cóengo fidalgo quixo menosprezar o crego (de aldea) barbanzán. Foi a pinga que rebordou o vaso, pois o de Fruíme vaino poñer a caldo por esta vergonzosa manifestación de autodesprezo, por se avergonzar da súa condición de galego:

“En Castilla ya lo he visto hacer, llamarle a un *Gallego* como por oprobio, pero allá no me hacía eso fuerza (...). Quien no supiese la mucha honra, y limpieza, que por lo general hay en Galicia, pudiera sospechar que decirle á uno con aquel ayrecillo, que tiene *resabios de Gallego*, era como decirle que tenía raza de Morisco, ó de Hebreo. Dígame la verdad; ¿el Señor graduado es oriundo, y natural de Galicia, ó no lo es? (...)

Semejante estimación hace el Señor Rioboo de su nombre patronímico, pues llama al de Fruíme *Gallego*

⁴ Supoñemos que Cernadas relaciona *onerario* con *oneroso*: ‘que resulta pesado ou molesto’.

⁵ Trátase de D. García de Pardiñas Villardefrancos, da casa de Cícere (Terra de Xallas), bispo de Tarazona (Aragón) de 1672 a 1741.

por mal nombre.

Pues yo, dixo D. Jayme, que aunque no soy Gallego, hago de esta Nación el aprecio que parece que le niega el Señor Rioboo (...). No sé como el Señor Rioboo no la tuvo [la vergüenza] de escribir aquel verso. No Señor, dixo Malvar, ese Caballero no tiene vergüenza de eso, antes si se ha de estar á su dicho, parece que la tiene de ser Gallego. Y es mucho, porque gracias a Dios, aunque no se lo merece á su Magestad, es de una casa tan distinguida, coma la de do *Allo*, y no tiene que correrse de tener esa fortuna” (IV, pp. 189-190).

Ai do Allo, ai do Allo: dunha cántiga popular á glosa de Cernadas y Castro

Dunha maneira moi sutil e sarcástica, neste contexto do desprezo de Antonio de Rioboo pola condición de galego, é cando o cura de Fruíme lle trae á memoria “aquella famosa cántiga, tan vulgar y frecuente en su boca” que, “por él, ó en su nombre compusieron las mozas de nuestro país” (IV, p. 191):

*«Ay do Allo, ay do Allo,
ay do Allo, ay da Cebola,
ay do Allo, ay do Allo,
nunca che eu do Allo fora⁶.»*

Inspirado por esta cántiga popular -que é posible que tivera a súa orixe na propia freguesía do Allo-, Diego Cernadas confesa que se lle ocorreu facer con ela “una foliada en nuestra lengua nativa, para que el Señor Rioboo se relama en los *resabios de Gallego*, y conozca que no nos corremos de tenerlos, antes bien hacemos gala de ser sus paisanos, Vaya la glosita⁷:”

«Meu Antón, no que parolas,
en Copras mal coziñadas,
facendo mil enversadas⁸,
mezcras Allos con Cebolas:
deyxate de ideas tolas,
que perdes tempo, e traballo,
e non sexas mal Vasallo,
pois eres do Allo, Anton,
nin te piques, que si non
ay do Allo, ay do Allo.

⁶ Esta cántiga popular de hai máis de 250 anos chegou ós nosos días, pois anos atrás os mozos e as mozas do Allo cantábana nas súas foliadas, con esta letra:

«Son do Allo, son do Allo
son do Allo, son da Cebola;
son do Allo, son do Allo,
nunca (che) eu do Allo fora».

⁷ A non ser no caso da maior parte dos acentos, respectamos a ortografía orixinal da glosa.

⁸ Mal metidas en versos (?).

Non fagas Copras mordentes,
que no teu frio gaspalllo⁹,
ben conocemos o Allo,
sin que nos mostres os dentes:
son moytos os ingredientes,
de que se fáy unha ola,
e, anque na tua Cachola,
ó Allo porreta bóte,
ben sabes que en cualquier póte
ay do Allo, ay da Cebola.

Nunca piques a ninguen,
nin fies de mosca morta,
que cualquier na sua horta
sua punta de Allo ten:
revolver caldos non he ben,
meu Anton, cara de Almallo¹⁰,
e sabe pó lo meu fallo,
que para dar picazon,
donde se pensa, que non
ay do Allo, ay do Allo.

Eu non che quero negar,
que, o ser Rioboo, he bo,
e que en escoller Abó,
non me quixera Malvar¹¹:
eu ben sey, que o meu Solar
non ten moyta forma agora,
mais en fin, chanzas afóra,
no habendo, así como así,
de ser eu mellor que ti,
nunca che eu do Allo fora.»
(Cernadas 1778-IV: 191-192)

Continuando coa sorna, Cernadas pon en boca de Tacón, o seu alter ego, que non se debería publicar esta glosa, “porque si el Señor Rioboo la vé, la delatará por sacrílega, y por irreverente á la endiosada soberanía do Allo”.

Cernadas escribe sempre con inicial maiúscula a palabra Allo, pero queda moi claro na

⁹ Mestura de comida que mastigan os rumiantes.

¹⁰ Boi semental.

¹¹ Malvar: un dos supostos participantes na Tertulia de Santa Marta.

glosa cando se refire ó nome do lugar e cando se refire ó tubérculo. El é consciente diso, e mesmo lle serve para escarnecer un pouco máis o desleixo do seu opoñente pola súa terra “de Nación”, cando aclara un pouco despois o dobre sentido da poesía:

“Fuera de que la glosa no habla do *Allo* en quanto á las raíces, sino en quanto á los dientes: quiero decir, no le toca por la planta, sino por la cabeza, no habla de él en quanto legumbre, sino en quanto picante. (...) El parece que de propósito se empeña en ser desleal, ó desatento á su Nación.” (id, p. 193)

A liorta dialéctica entre os dous sacerdotes non rematou aquí, pois seica ó Antonio de Rioboo non lle parecían dignas as palabras galegas das que Cernadas botaba man nas súas poesías. En particular, cítase a palabra *villardos*, considerada *impertinente* polo do Allo:

“Es verdad, dixo D. Jayme, y así acudamos á la chamusquina de los *Villardos*, que los abrasa. Lo menos que dice [Rioboo] de este vocablo es que es un nombre Gallego, que es hasta donde puede llegar en su inteligencia la ponderación de la infamia. (...) Ese Señor Licenciado en nada quiere dexar de lucir á Galicia, ni siquiera en una palabra. Se quema de ver resplandecientes los *Villardos*, como si le ardiera la casa¹² (id, p. 221).

O de Fruíme defendía a incorporación de palabras galegas ó castelán, para “fecundar la lengua Española de todas aquellas voces Provinciales, que por no tener facil equivalente en el idioma Castellano, las juzgan por precisas ó conducentes para el comercio político y económico.” (IV, p. 221)

A consideración de ‘impertinente’ da palabra citada motiva que os ataques contra o cóengo catedralicio increméntanse na páxina seguinte:

“Vmd. [Vuesa merced] que quiere, dixo Tacon, si el Señor Rioboo es tan pródigo desperdiciador de su facundia, que no repara en gastar quatro renglones en lo que estaba dicho en una palabra [*Villardos*], solo por parecerle, que en su papel es menos borron el de su negra tinta, que el de una dicción *Gallega*, que (en el sentido que él le da) es lo mismo que asquerosa”¹³ (IV, p. 222).

Se non queres caldo, sete cuncas: o significado da palabra galega ‘maldita’ sérvelle ó párroco de Fruíme para amosar as súas habelencias poéticas e así compoñer un retranqueiro sexteto en castelán para contentar o seu opoñente e evitar o uso da ‘noxenta’ palabra galega (“el circunloquio con el que dice podía escusarse la voz *Villardos*”):

«Explicarse pudiendo brevemente,
sin usar de esa voz impertinente,
con decir: allí á carros consumían
haces de leña seca, que lucian,
su llama haciendo, con subir violenta,
frente la noche al día, y aun afrenta.» (IV, p. 222)

¹² *Billardo* é un feixe pequeno de leña. Obsérvese como Cernadas xoga, ironicamente, co significado da palabra.

¹³ O subliñado é noso.

O texto finaliza cunha cita de Luis de Cabrera que Cernadas asume como súa: “Las palabras propias son las nativas, convenientes á la naturaleza de las cosas, como nacidas con ellas”.

En fin, que todo parece indicar que estamos na sempiterna polémica entre un galego que ten a menos selo e que mesmo despreza o seu idioma nativo fronte a outro que é todo o contrario: que se se sente orgulloso de onde naceu e que considera que a lingua galega é tan digna coma calquera outra “nacional ó extranjera”, e que posiblemente falara habitualmente cos seus fregueses (Rivas Troitiño 1977: 108).


En fin, unha serie de liortas entre membros dos máis altos estamentos eclesiásticos da arquidiocese compostelá, a elite intelectual da época, en aparencia por cuestións de tipo litúrxico, gramatical e mesmo identitarias (galeguismo vs antigaleguismo), pero que deixan entrever as intrigas e rivalidades no seo do Cabido catedralicio.

Polémicas que seguen estando vixentes hoxe, dentro ou fóra do estamento eclesiástico.

O naturalista Víctor López Seoane¹⁴

Víctor López Seoane naceu en Ferrol en 1832 e finaría na Coruña no 1900. En 1869 casou con Francisca de Rioboo, converténdose en dono-consorte das Torres do Allo e do pazo de Cabanas.

Foi o naturalista galego máis importante do séc. XIX, pois realizou importantes traballos sobre a fauna e a flora de Galicia. Exemplares de seres vivos recollidos por el figuran entre as coleccións dos principais museos de historia natural de Europa, e formou parte de relevantes sociedades científicas europeas dedicadas ó estudo da natureza. Publicou traballos en revistas prestixiosas.



Víctor López Seoane (Galipedia)

O gusto pola natureza xa lle viña desde neno, en Ferrol, onde empezou a coleccionar coa axuda dunha tía súa. Destinado o seu pai á comandancia de Mariña de Vigo, faría o bacharelato en Tui e despois en Santiago de Compostela (1851). Marcharía logo estudar a Madrid as carreiras de Medicina e Ciencias Naturais.

En 1861 e 1863 publicou traballo sobre a fauna galega. En 1864 traballa como médico do Hospital da Mariña en Ferrol.

En 1869 casou con Francisca de Rioboo, o mesmo ano en que esta quedara viúva do seu primeiro marido. Deixou a Medicina e dedicouse a administrar os bens propios e da muller, que eran moitos. A solvencia económica permitiulle dedicarse de cheo á súa vocación: o estudo da natureza galega.

Visitou diferentes museos e sociedades científicas de Europa e mantivo correspondencia con científicos europeos do máximo nivel, coma Charles Darwin. O recoñecemento do seu labor viuse recompensado co nomeamento como un dos secretarios do Primeiro Congreso de Zooloxía na Exposición Universal de París de 1889.

En 1877 publicou *Reptiles y anfibios de Galicia*, onde identificou por primeira vez para a ciencia unha lagarta e unha ra galegas. Pero o seu maior triunfo foi que a comunidade científica internacional acabase dándolle o seu nome á víbora galega (*Vipera seoanei* ‘víbora de Seoane’), de coloración marrón e unha lonxitude media entre 45 e 50 m, de tamaño algo menor que outras especies. Este tipo de víbora é a única existente en Galicia, aínda que tamén se espalla polo noroeste peninsular e chega a Francia.

¹⁴ Datos tomados da Galipedia (Wikipedia en galego): entrada “Víctor López Seoane”:
https://gl.wikipedia.org/wiki/V%C3%ADctor_L%C3%B3pez_Seoane (última consulta 28-03-2018).
Agradecemos a colaboración de Lucía Outeiral na achega de información para este apartado.

Polo que nos conta Xosé A. Fraga (director do *Álbum da Ciencia*) este recoñecemento internacional non foi doado, pois nun principio un famoso zoólogo francés, Fernand Lataste considerara un “estudo moi superficial” o artigo de Seoane sobre os réptiles de Galicia e criticara a súa metodoloxía. Don Víctor tomárao coma un ataque persoal, pero procurou poñerse en contacto co científico francés, que dous anos despois, en 1879, acabou recoñecendo a validez das investigacións do galego. De 1879 a 1976 o ofidio galego foi considerado unha subespecie (*Vipera berus seoanei*), pero desde 1976 os franceses Saint Girons e Duguay establecérona definitivamente como nova especie (Fraga 2014).

En 1885 redactou os capítulos dedicados á historia natural galega para a enciclopédica obra *Historia de Galicia* de Manuel Murguía, pois Seoane seica era asiduo ós faladoiros da Cova Céltica da botica de Carré Aldao na Coruña. Este traballo foi o primeiro intento de recompilación de todos os coñecementos dispoñibles no momento sobre o medio natural galego.

En 1899 recibiu nas Torres do Allo ó mozo científico finlandés Ragnar Hult, un recoñecido botánico, ecólogo e xeógrafo que chegou a Galicia recomendado polo ornitólogo sueco Johan Axel Palmen. A pouco coñecida viaxe do finés a Galicia relatouna Xosé A. Fraga (2016).

Foi un gran coleccionista, e recolleu numerosos exemplares de plantas e insectos, creando un museo particular no pazo de Cabanas. Tamén enviou todo tipo de mostras a museos españois e europeos.

A súa colección botánica permanece exposta no pazo de Cabanas. En 1972 a súa familia doou a colección zoolóxica ó Concello da Coruña. Desde 1985 atópase na Casa das Ciencias coruñesa, e a súa biblioteca e fichas no arquivo do Instituto José Cornide.

En 1987 a Casa das Ciencias da Coruña publica o Inventario dos materiais da colección Víctor López Seoane: un total de case 11 mil exemplares de fósiles, rochas, aves, réptiles, anfibios, peixes, insectos etc.

Institucións europeas coma os museo de Historia Natural de Londres, de París ou de Lisboa posúen coleccións e réptiles, anfibios ou aves de don Víctor, que finaría na Coruña o 14-VII-1900, sendo soterrado no cemiterio de Santo Amaro.

No ano 2000, para celebrar o centenario do seu pasamento, a Casa das Ciencias da Coruña organizou unha grande exposición dos seus materiais.

Víctor López Seoane e as Torres. O *Libro Cobrador* e a descrición da contorna (1898)

Francisca Rioboo e Víctor López Seoane vivían na Coruña, pasaban a maior parte do verán no pazo de Cabanas e só viñan polo Allo ó final do estío ou a principios do outono. Retirado da súa profesión de médico, don Víctor era quen levaba a administración dos bens

propios e, sobre todo, da súa esposa. Unha boa proba do seu rigoroso control é un *Libro Cobrador de las Rentas del Allo*¹⁵, do ano 1898, redactado e asinado por el¹⁶.

O libro contén un exhaustivo “Índice en orden alfabético [de parroquias] de toda la fincalidad dependiente de la Administración de las Torres del Allo”. En cada unha das parroquias citadas aparecen os nomes dos colonos e a cantidade de ferrados de trigo, centeo ou orxo que tiñan que pagar anualmente (tamén galiñas, algúns carneiros etc.).

Resumindo: nas Torres recollíanse as rendas de **trece concellos**, algún próximos (Zas, Vimianzo, Camariñas, Cabana), outros a mediana distancia (Carballo, Malpica, Santa Comba), outros ben arredados (Mazaricos, Dumbria, Carnota, Muros e Porto do Son), que correspondían a **cinco partidos xudiciais** que abarcaban todo o extenso territorio da Costa da Morte: Corcubión, Carballo, Negreira, Noia e Muros (as rendas do de Muros recollíanse nas Torres de Beba-Mazaricos).

En total recollíanse anualmente:

- trigo: 2.062 ferrados, 119 cuartillos
- centeo: 689 ferrados, 48 cuartillos (maiormente pola ría de Noia)
- orxo: 4 ferrados
- galiñas: 39
- carneiros: 2
- cabritos: 1
- manteiga: 1 azumbre
- reás: 452,50 (sobre todo por Sofán-Carballo)
- marabedís (sic): 34
- contribucións: case todos os colonos.

Neste *Libro Cobrador* tamén aparece unha descrición, asinada coas iniciais V.L.S., das Torres, das árbores da contorna, da horta e dos seus cultivos:

"La casa-palacio de las Torres del Allo, con un corral, fuentes, huerta amurallada con un lavadero cubierto y puerta al prado, árboles frutales, parras, y una calle central de seculares boges, otra huerta a continuación de la anterior, prado tocando a la torre del norte, sotos, robledales, pinares, extensa dehesa de robles, montes y demás dependencias; todo lo cual se reserva a la casa para su uso y se halla bajo la custodia del Administrador. V.L.S."

A descrición correspóndese coa parte traseira, que tiña árbores froiteiras, parras (das antigas

¹⁵ Propiedade da familia de Ovidio García Villar, de Baio, descendente de Manuel Graíño (que figura no documento como administrador das Torres desde 1888).

¹⁶ Con todo, no libro hai notas posteriores ó falecemento de D. Víctor, coma o pagamento da renda da escola do Allo por parte do Concello de Zas a partir de 1906 ou as sucesivas vendas de terras aforadas en varias parroquias entre 1910 e 1913. Neste último ano consta Francisco López Rioboo -o seu fillo- como vendedor. No documento tamén se indica que o propietario “actual” era López Tenreiro, o que nos leva a datar os últimos apuntamentos entre 1918 e 1920.

viñas) e un paseo central de buxos centenarios. Todo isto desapareceu nos anos cincuenta do pasado século cando se replantou a horta con maceiras. Tamén se fala do prado da zona norte e do souto desta parte.

Sánchez García (2001: 263) supón que foi López Seoane quen mandaría plantar, a finais do séc. XIX, os carballos e falsos plátanos que conforman a avenida de acceso ás Torres desta estrada A Coruña-Fisterra. Posiblemente tamén foi o naturalista quen deseñaría o pequeno xardín diante da torre vella, con sebes de buxo formando un cadrado que disimulaba os alicerces da casa forte primitiva.



A avenida de carballos e falsos plátanos ás Torres, quizais mandada plantar por Víctor López Seoane (foto EDR)

Pura Sánchez, nai do poeta Manuel Antonio, mestra do Allo (1901-1916)

Como dato anecdótico para a historia da freguesía, engadiremos que de 1910 a 1916 estivo de mestra no Allo dona **Pura Sánchez**, de Asados-Rianxo, nai de Manuel Antonio Pérez Sánchez, que na terceira década se convertería nun dos poetas máis vangardistas das letras galegas da época. Con ela tamén estivo o seu fillo, aínda pequeno, que xogaba pola volta das Torres con outros nenos e nenas do seu tempo. No ano 1979, unha anciá nacida nas Torres,

Mercedes Villar Graíño, que fora alumna da mestra, lembraba o rapaz e a nai (esta sempre de loito, como viúva que era).

A escola era unha das casas que hoxe están en ruínas pola zona sur das torres; na parte posterior tiña un escudo do "Ministerio de Enseñanza". Con anterioridade a D^a Pura, a mestra do Allo era D^a Celestina López Villar. No *Libro Cobrador* citado consta que en 1898 os Rioboo cobraban 140 reais anuais polo arrendamento da casa e horta da escola, cantidade que sería pagada polos veciños ata que en 1906 o Concello de Zas se fixo cargo.

As clases facíanse no sobrado, mentres que a mestra e o fillo vivían no baixo. Cando o rapaz empezou a estudar (1916), volveron para Asados. O poeta Manuel Antonio mantivo unha relación epistolar con Xosé Romero Lema, mozo da Cacharosa-Baio, compañeiros de estudos en Santiago e fraternais amigos. Pepe Romero foi talvez quen introduciu ó poeta no nacionalismo galego. Desgraciadamente, os dous amigos haberían de morrer prematuramente da mesma enfermidade, a tuberculose, terrible andazo daqueles tempos, antes de cumpriren os trinta anos.

No tempo que botou no Allo, dona Pura, como estaba soa, ía para as Torres, onde vivían os pais de Mercedes, que eran os apoderados. “Miña nai e mais ela eran moi amigas. Pasaba moito tempo de noite a contos entre nós. O fillo viña por tempadas. Xogaba cos rapaces da parroquia”.

Despois da marchar para Rianxo a nai de Mercedes seguiuuse carteando coa mestra durante anos, e por carta foi esta lle comunicou, en 1930, que lle morrera o fillo, con tan só 29 anos (Abuín de Tembra 1979).



Casas abandonadas do que foi o lugar do Curro, ou das Torres.
Nunha delas estivo a escola do Allo (foto EDR)

13. O POLÍGONO INDUSTRIAL “OS MUÍÑOS” DO ALLO

Desde hai xa bastantes anos numerosos empresarios de Baio e arredores foron instalando alí as súas empresas dadas as facilidades de comunicación á beira da estrada AC-552 e, agora tamén do enlace da autovía, sen ningún tipo de regulación oficial. De feito, ata a aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM, o 8 -11-2008, o primeiro concello da zona que contou con el), a maioría das empresas estaban nunha situación que se podería definir como *alegal*, polo que non podía contar cunha serie de servizos comunitarios básicos nin con apoio institucional. Esta situación cambiou radicalmente e o 13-8-2008 a Xunta licitou o plan parcial de dito polígono que permitirá construír as infraestruturas viarias, os sistemas xerais, a situación dos espazos libres e a definición de usos e as súas intensidades nos 400.000 m² que no PXOM se reservou para tal fin.



Instalacións da ITV e outras naves no polígono industrial Os Muíños do Allo (foto EDR)

Aínda que queda moito espazo dispoñible para a instalacións de empresas, o certo é que xa conta con numerosas naves industriais. A comezos de 2018 hai asentadas nel unhas 38 empresas e outras tres teñen proxectado instalarse proximamente.

Dentro delas, unha das que máis deu que discutir nos plenos do Concello foi o da **ITV**. O goberno bipartito (PSOE-BNG) da Xunta de Galicia aprobara a súa instalación no polígono do Allo, pero o novo goberno autonómico xurdido das urnas en 2009 pretendeu eliminala ou levala a outra poboación.

Isto motivou que a Plataforma polo Desenvolvemento da Costa da Morte convocase unha manifestación para reclamar do novo Goberno galego o cumprimento dos compromisos adquiridos na lexislatura anterior.

A manifestación tivo lugar en Baio o 30 de abril de 2011 e foi máis multitudinaria do que se esperaba, pois xuntou unhas 5.000 persoas chegadas de diversas localidades da Costa da

Morte: veciños, políticos e, sobre todo, empresarios. Desde a do *Prestige* en Cee (2003) esta fora a maior manifestación que se recordaba na zona (“La mayor manifestación de la comarca en años exige la ITV”, titulaba *La Voz de Galicia* do 1-5-2011). O físico baiés Jorge Mira foi o encargado de ler o manifesto elaborado pola plataforma, no que se salientaba que “este non é un problema do Concello de Zas, senón de toda a Costa da Morte”. O texto convidaba á unión, deixando de lado os localismos.

Os resultados das mobilizacións foron efectivos, pois ó final a Xunta de Galicia non tivo máis remedio que dar o seu brazo a torcer e deixar as cousas como estaban, e a nave da ITV foi inaugurada o 4 de xullo de 2012.

14. FESTAS PARROQUIAIS

A festa do patrón, **san Pedro**, celébrase o 22 de xaneiro (a "cátedra" de san Pedro). Outras festas: a **Pastora**, o primeiro domingo de maio (orixinouse esta devoción á Virxe a finais dos anos corenta do séc. XX, como consecuencia dunha misión que houbera na parroquia); **santo Antonio**, o domingo antes ou despois do 13 de xuño (tén día variable para que ese domingo non coincida coa feira de Baio); **san Ramón**, o 31 de agosto, que tamén é o día do Sacramento.

15. INVENTARIO DOS BENS DO PATRIMONIO DA PARROQUIA DO ALLO (SEGUNDO O *PXOM*)

Arquitectura e etnografía	Arqueoloxía
1.- Igrexa parroquial de San Pedro do Allo	7.- Mámoa do Allo
2.- Cruceiro do Allo	8.- Castelo Grande do Allo
3.- Torres do Allo	9.- Xacemento do Allo
4.- Casa do Muiñeiro e muiños. Os Muiños	10.- Mámoa N° 2 do Allo
5.- Hórreos das Torres do Allo	
6.- Pombal das Torres do Allo	

16. BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

- ABUÍN DE TEMBRA, A. (1979): “Algúns datos inéditos sobre Manuel Antonio”, en *El Ideal Gallego* 19-V-1979).
- ANDERSON, Ruth Mathilda (1939): *Gallegan provinces of Spain. Pontevedra and La Coruña*; The Dispanic Society of America, New York.
- CABANO VÁZQUEZ, J. I. (1995): “Betanzos según Antonio Rioboo y Seijas”; Anuario Brigantino [Dispoñible en http://anuariobrigantino.betanzos.net/Ab1995PDF/1995%20083_090.pdf].
- CABEZA QUILES, F. (1992): *Os nomes de lugar*; Edicións Xerais, Vigo.
- CABEZA QUILES, F. (2008): *Toponimia de Galicia*; Ed. Galaxia, Vigo.
- CERNADAS Y CASTRO, Diego A. (1778-1811): *Obras en prosa y verso del Cura de Fruíme D. Diego Antonio Zernadas y Castro, natural de Santiago de Galicia*; Joachin Ibarra. [Dispoñible en http://iacobus.usc.es/search~S1*gag?/Ycernadas+de+Castro&searchscope=1&SORT=D/Ycernadas+de+Castro&searchscope=1&SORT=D&SUBKEY=cernadas+de+Castro/1%2C64%2C64%2CB/frameset&FF=Ycernadas+de+Castro&searchscope=1&SORT=D&6%2C6%2C].
- COUCEIRO FREIJOMIL A. (1953): *Diccionario Bio-bibliográfico de escritores*; vol III, Bibliófilos Gallegos, Santiago.
- DOMINGUEZ RIAL, E. (1984): “Riqueza arqueológica del Ayuntamiento de Zas”, en *O Voceiro de Zas* nº 0, 1, 2; Zas.
- FRAGA, X. A. (2014): “Como se «creou» a víbora galega en Francia, unha historia de piques e picaduras que non cesa”, en *La Opinión* 11-05-2014.
- FRAGA, X. A. (2014): “A viaxe invisible do científico Ragnar Hult por Galicia en 1899”, en *La Opinión* 21-01-2016.
- GALIPEDIA (Wikipedia en galego): “Victor López Seoane” [Dispoñible en https://gl.wikipedia.org/wiki/V%C3%ADctor_L%C3%B3pez_Seoane].
- GARCÍA ORO, J. e M^a J. PORTELA SILVA (2003): *La casa de Altamira*; Ed. El Eco Franciscano, Santiago.
- G[ARRIDO] RIAL, S. (2013): “O Allo estrena un cruceiro de granito de cinco toneladas” (*La Voz de Galicia*, ed. de Carballo, 10-2-2013).
- G[ARRIDO] RIAL, S. (2016): “La gran avenida de O Allo perdeu 28 árbores en los últimos 50 años”, en *La Voz de Galicia*, ed. de Carballo, 14-4-16).
- LEMA SUÁREZ, J.M. (1973): *Escudos en relación con las Torres do Allo*; traballo de 4º curso de Historia del Arte (inédito); Facultad de Geografía e Historia, Univ. de Santiago.
- LEMA SUÁREZ, X.M^a (1993): *A Arte Relixiosa na Terra de Soneira* (tomos II e III); Fundación Universitaria de Cultura; Santiago de Compostela.
- LEMA SUÁREZ, X. M^a (1996): “A ruína progresiva das Torres do Allo” (*El Correo Gallego* 12-5-96); tamén en

La Voz de Galicia 14-5-96: “As Torres do Allo corren perigo”.

LEMA SUÁREZ, X. M^a (2001): *Os mellores pazos da Costa da Morte*; Asoc. Neria, Santiago.

LEMA SUÁREZ, X.M^a (coord. e dir.) e outros [E. DOMÍNGUEZ RIAL, X. FERNÁNDEZ CARRERA, R. MOUZO LAVANDEIRA e X.M^a REI LEMA] (2010): *A Terra de Soneira, no corazón da Costa da Morte*; Edicións Xerais de Galicia, Vigo.

MARTÍNEZ-BARBEITO, C. (1986): *Torres, pazos y linajes de la provincia de La Coruña*; Deputación da Coruña; A Coruña.

NAVAZA BLANCO, G. (2006): *Fitotoponimia de Galicia*; Fundación Barrié de la Maza, A Coruña.

PARDO DE NEYRA, X. (2002): *O labor lírico do ‘ilustrado’ cura de Fruíme. Textos galegos de Zernadas y Castro*; Edicións Laiovento; Santiago de Compostela.

QUE PASA NA COSTA: “Os mil segredos das Torres do Allo” [<https://quepasanacosta.gal/os-mil-segredos-das-torres-do-allo/>].

RIOBOO Y SEIXAS, A. (1728): *La Barca más prodigiosa* [Dispoñible no Arquivo do Reino de Galicia: <http://biblioteca.galiciiana.gal/pt/consulta/registro.cmd?id=3335>].

RIVAS TROITIÑO, J.M. (1977): *Diego Zernadas y Castro. Un precursor del galleguismo*; Porto y Cía, Santiago.

SÁNCHEZ GARCÍA, J. Á. (2001): *Torres do Allo. Arquitectura e historia del primer pazo gallego*; Deputación da Coruña, A Coruña.

SORALUCE BLOND, J. R. e X. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ (directores) [1998]: *Arquitecturas da provincia da Coruña. Vol. X. Comarca de Terra de Soneira e Xallas: [concellos de] Camariñas, Mazaricos, Santa Comba, Vimianzo e Zas*; Departamento de Composición da Universidade da Coruña / Deputación da Coruña.

WEBS:

- Os Quinquilláns (Visitas teatralizadas) [última consulta 30-3-18: <http://nova.quinquillans.com/>].
- Torres do Allo [últ. consulta 30-3-18: <https://torresdoallo.gal/historia/a-casa-dos-rioboo/>]

Outras obras de carácter xeral:

ARQUIVO DA CATEDRAL DE SANTIAGO (ACS): <http://csa.archivo3000.es/jopac/controladorconopac>

CAG = Boullón Agrelo, Ana I. / Sousa Fernández, Xulio (dirs.): *Cartografía dos apelidos de Galicia*. Universidade de Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <<http://ilg.usc.es/cag/>>

CARRÉ ALDAO, E. (c. 1928): *Geografía General del Reino de Galicia* (dir. por F. Carreras i Candi), vol. VI; Barcelona.

CATASTRO DEL MARQUÉS DE LA ENSENADA (<http://pares.mcu.es/Catastro/>).

HOYO, J. del (1952): *Memorias del Arzobispado de Santiago (1607)*; edición de A. Rodríguez e B. Varela Jácome; Porto Editores, Santiago.

MADOZ, P. (1845-1850): *Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico de España y sus posesiones de Ultramar*; Madrid.